

UGT-GALICIA VALORA A BOA EVOLUCIÓN DO EMPREGO E SITÚA COMO RETOS SEGUIR REDUCINDO O TEMPO DE TRABALLO, REFORZAR A PROTECCIÓN FRONTE AO DESPEDIMENTO INXUSTO, GARANTIR SALARIOS QUE CREZAN PARA AMORTECER OS EFECTOS DAS SUBIDAS DE PRODUTOS BÁSICOS E TRABALLAR PARA REDUCIR O PARO DE LONGA DURACIÓN

Aínda que a evolución do emprego é boa, con taxas de paro e temporalidade en mínimos históricos, UGT alerta da baixa taxa de actividade en Galicia, da elevada taxa de desemprego entre os máis mozos e de que 42.200 persoas levan máis dun ano no paro

Redacción.- Os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) do cuarto trimestre de 2025 publicados polo INE confirman a resiliencia do mercado laboral.

A ocupación aumenta en 7.400 persoas no trimestre e en 33.600 no último ano, alcanzando as 1.186.900 persoas ocupadas, das cales 975.300 son asalariadas.

A taxa de temporalidade sitúase no 12,9%, a máis baixa nun cuarto trimestre desde que existen rexistros, consolidando a mellora derivada da reforma laboral de 2021, froito do diálogo social entre o Goberno, os sindicatos e a patronal.

A taxa de paro sitúase no 8,3%, unha das máis baixas das series dispoñibles.

Recuperar a xustiza no despedimento: cumprir a Carta Social Europea

UGT subliña que a regulación actual do despedimento segue sendo unha materia pendente en España. A reforma imposta en 2012 —un ataque frontal ao diálogo social e á negociación tripartita— debilitou a posición das vítimas dun despedimento inxusto e ilegal, reducindo sistematicamente as indemnizacións por un acto ilícito e eliminando os salarios de tramitación. Esta reforma rompeu o equilibrio entre as partes e vulnerou os estándares europeos de protección.

Por iso, UGT esixe unha reforma que restableza a xustiza no despedimento e garanta a reparación íntegra ás persoas traballadoras afectadas, tal como establece a Carta Social Europea e recoñeceu o Comité Europeo de Dereitos Sociais, ao declarar que o sistema español non pro-



teixe adecuadamente fronte ao despedimento improcedente.

UGT considera que a patronal, se realmente cre no diálogo social, debe demostralo negociando unha nova regulación que protexa ás vítimas de decisións empresariais inxustificadas e ilegais e non aliñarse con quen busca manter unha norma que destruíu a concertación social.

Defender o contrato de traballo e a dignidade das persoas despedidas inxustamente é unha obrigaón democrática e xurídica, non unha opción.

Seguir reducindo o tempo de traballo: benestar, produtividade e emprego

A xornada laboral máxima legal de 40 horas semanais mantense inalterada desde fai máis de catro décadas, a pesar da profunda transformación que experimentaron as formas de producir, de traballar e de vivir. Hai que seguir avanzado e o próximo AENC será unha boa oportunidade para incidir na redución do tempo de traballo. Reducir progresivamente o tempo

de traballo sen perda salarial é unha reforma necesaria para adaptar as relacións laborais aos novos tempos, marcados pola dixitalización, a automatización, a intelixencia artificial e as grandes transicións ecolóxica, demográfica e tecnolóxica.

A repartición máis equilibrada do tempo de traballo permitirá aproveitar mellor os aumentos de produtividade derivados da innovación, mellorar a saúde laboral, reducir a parcialidade involuntaria, facilitar a conciliación e garantir unha transición xusta no mundo do traballo. En definitiva, avanzar cara xornadas máis curtas non só é unha cuestión de benestar, senón tamén de eficiencia, sustentabilidade e cohesión social.

UGT-Galicia lembra que a repartición do tempo de traballo é clave para mellorar a produtividade e reducir a parcialidade involuntaria (que afecta ao 44,1% de quen traballa a tempo parcial).

Avanzar cara unha xornada máis curta permitirá repartir mellor o emprego, mellorar a saúde laboral e aumentar a calidade de vida.

Reforzar as políticas activas de emprego e a igualdade de xénero

A EPA tamén mostra que persisten retos estruturais en materia de desemprego. Aínda hai máis de 100.000 persoas que buscan traballo, e 42.200 persoas levan máis dun ano en paro. UGT reclama reforzar os servizos públicos de emprego e garantir unha orientación personalizada e eficaz, dotando de máis recursos humanos e financeiros aos organismos públicos para lograr unha reinserción laboral real e de calidade.

Ademais, UGT-Galicia advirte da brecha de xénero persistente no desemprego: a taxa de paro feminina segue sendo superior á masculina (8,5% fronte a 8%), o que obriga a reforzar as políticas de igualdade, a corresponsabilidade e a mellora dos contratos a tempo parcial. E o Sindicato tamén fai fincapé na elevada taxa de desemprego entre os máis mozos, menores de 25 anos, que acada o 28,6%.

Garantir cláusulas salariais que repartan xustamente o crecemento

UGT alerta de que, a pesar dos bos resultados económicos e as marxes empresariais récord, só un 35% das persoas traballadoras conta con cláusulas de revisión salarial automática vinculadas á inflación ou á produtividade.

Por iso, o sindicato esixe xeneralizar estes mecanismos no VI Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), para que o crecemento das empresas tradúzase en melloras reais para a

maioría traballadora.

O obxectivo, sinala UGT, debe ser garantir que a riqueza se reparta de forma xusta e que os beneficios empresariais non se acumulen á conta do poder adquisitivo das persoas asalariadas.

Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 33.600 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 2,9%) e, en relación ó terceiro trimestre de 2025, hai 7.400 ocupados máis, o que supón unha subida do 0,6%.

Aínda que a EPA amosa un bo comportamento da situación laboral desta Comunidade, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 54,1%, fronte ó 58,9% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 2.500 persoas, o que supón o 2,3%. Pola contra, en relación ó trimestre anterior, o desemprego subiu, un 4,2%, en 4.300 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 106.900 persoas desempregadas, no 8,3%. No caso dos homes esta taxa é do 8% e do 8,5% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 28,6%.

Por sectores, interanualmente, o emprego mellora no sector servizos cunha suba da ocupación dun 4,5% (36.300 ocupados máis) e na construción, 1,7% (1.400 ocupados máis). Pola contra, baixa no pri-

mario, nun 3,9% (2.700 ocupados menos); e na industria, nun 0,6 (1.200 ocupados menos).

Con respecto ao trimestre anterior, a ocupación sube no primario, nun 0,5% (300 ocupados máis); e na construción, un 16,4% (11.800 ocupados máis). Pola contra, baixa na industria, nun 0,6% (1.200 ocupados menos); e no sector servizos, 0,4% (3.400 ocupados menos).

Hai en Galicia un total de 975.300 asalariados, subindo con respecto ó trimestre anterior en 14.900 (1,6%) e ó ano soben en 27.100 (2,9%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 12,9%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 6,5%. En relación ao trimestre anterior, os asalariados con contrato indefinido subiron en 29.100, o que supón un 3,5%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,8%.

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é o paro de longa duración. Situación que leva á vulnerabilidade de moitas familias.

Das 106.900 persoas que están no desemprego, 42.200 levan máis dun ano nesta situación.

Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

UGT-GALICIA CHAMA Á MOBILIZACIÓN ESTE DOMINGO EN SANTIAGO “PARA DEFENDER O TEU DEREITO Á SAÚDE”

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía galega a participar na manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, plataforma da que o Sindicato forma parte, para o día 1 de febreiro en Santiago baixo o lema “Mobilízate para defender o teu dereito á saúde”.

A manifestación sairá ás 12 horas da Alameda compostelana e rematará na Praza do Obradoiro.

Trátase de berrarlle á Xunta que os galegos e galegas non se renderán e que queren frear a destrución e privatización do sistema sanitario público galego.

Para o cal, hai que reclamar o acceso libre e sen demora á atención pri-

maria, poñerlle fin ás listas de espera e acabar co seu ocultamento e medidas urxentes para reforzar a atención primaria, a atención hospitalaria, a saúde mental e a saúde pública.

Esta mobilización tamén debe server para denunciar a desviación de miles de pacientes e cartos dos hospitais públicos aos privados; o crecemento exponencial de seguros privados que xeran desigualdade; o colapso nos servizos de urxencias como síntoma visible da situación da sanidade pública galega e, en definitiva, a perversa política sanitaria da Xunta que está a beneficiar, cos impostos de todos e todas, á sani-



dade privada. e a prexudicar á maioría da poboación, especialmente, á infantil, persoas maiores, doentes con enfermidades crónicas, embarazadas....poñéndolles cada vez máis dificultades para acceder aos centros de saúde e hospitais públicos.

UGT DENUNCIA A FALTA DE PERSOAL E ESIXE MÁIS INVESTIMENTO E SEGURIDADE EN ADIF TRAS OS ÚLTIMOS ACONTECEMENTOS

Redacción.- Pola situación que se ten xerado nestes últimos días, tras os feitos lamentables acontecidos no Sector Ferroviario, e que están a repercutir no desenvolvemento normal do traballo das persoas traballadoras de Adif, celebrouse un Comité Extraordinario do Comité Xeral de Empresa. Este Comité tenta posibilitar unha comisión de conflito como Comité de Empresa, tras a votación dunha proposta presentada, foi aprobada por unanimidade cos seguintes motivos que fundamentan esta Comisión de Conflitos:

Falta de Persoal en todo o ámbito do Adif

É necesario un incremento importante do persoal, para poder realizar o mantemento preventivo e correctivo integral con persoal propio de Adif, xa que entendemos que este persoal é o garante de que todos os procesos realícense coa seguridade, calidade e a fiabilidade que reclama e se merece a cidadanía. Para iso, é necesaria a internalización do mantemento (tanto en rede convencional como en alta velocidade). Esta internalización debe asumir tamén o control e a supervisión de todas as actividades ferroviarias na rede convencional e de alta velocidade, incluíndo a figura do encargado dos traballos.

Outro aspecto fundamental é o non

desmantelamento das bases de mantemento, xa que, pola súa situación territorial estratéxica, son fundamentais e necesarias para a mellora e axilización dos mantementos e respostas ante as incidencias. Así mesmo, solicitamos máis persoal de reforzo nos CRC, xa que se demostrou que, en situacións como as acontecidas estes días, cada vez son máis necesarios estes reforzos.

É necesario aumentar os cadros de persoal en estacións, cara visible de Adif e, en xeral, en todos aqueles postos de traballo que interveñen na calidade, fiabilidade e seguridade do tráfico ferroviario. Todo isto solucionaríase cun incremento significativo das prazas de emprego público para poder dar unha solución crible tanto á internalización do mantemento como aos reforzos nos CRC, tan necesario no momento de incremento de tráfico no que estamos inmersos.

Actualización de protocolos, procedementos e formación

Necesidade de actualización dos protocolos de actuación ante fenómenos meteorolóxicos adversos en todo o ámbito estatal.

Participación por parte da Representación Legal das Persoas Traballadoras (RLPT) en todos os procedementos e procesos de Seguridade na

Circulación e de Mantemento.

Recuperación das comisións mixtas de seguridade na circulación de Adif con todas as operadoras e nas que formasen parte tamén a RLPT. Solicitamos formación especializada ás persoas traballadoras de Adif para afrontar situacións de emerxencias ou accidentes graves como os acontecidos estes días.

Realizar unha análise dos itinerarios formativos, coa participación da RLPT, dos colectivos de Mantemento de Infraestrutura e de Circulación.

Estudo Capacidade Rede Alta Velocidade e maior investimento en Rede Convencional

Solicitamos un estudo sobre a capacidade real da Rede de Alta Velocidade e do impacto que a liberalización do transporte ferroviario está a ter e, en función dos seus resultados, tomar as medidas que garantan a integridade e seguridade da infraestrutura, necesarias para axustar as capacidades da rede de alta velocidade. É necesario un incremento significativo dos investimentos en rede convencional, tendo en conta o cambio climático (que dunha forma ás veces desastrosa actúa sobre as instalacións) e a sustentabilidade de todo o sistema, imprescindible para a mobilidade da cidadanía.

UGT DI SI AO CONVENIO DE SEGURIDADE PRIVADA PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS LABORAIS, SOCIAIS E ECONÓMICAS DO SECTOR

Redacción.- O comité federal do sector de Seguridade Privada e Servizos Auxiliares de UGT, como máximo órgano de decisión, composto polo conxunto de territorios e seccións sindicais, avala a firma do convenio de seguridade privada co 88,57% dos votos. O convenio terá unha vixencia de 4 anos (2027-2030).

Na reunión da mesa negociadora do convenio de seguridade privada celebrada o día 27 de xaneiro do presente ano, UGT, como sindicato maioritario para o sector de seguridade privada no conxunto do país, dixo si ao convenio tras varios meses de negociación. Este convenio marcará as condicións das persoas traballadoras desde o 2027 ao 2030.

O convenio recolle, entre outros aspectos, un incremento salarial para os catro anos dun 16% sobre todos os conceptos salariais que, unido á negociación en vigor correspondente aos exercicios 2023-2026, supón no acumulado un incremento salarial pactado dun 36,80% nos últimos oito anos.

O incremento salarial vén protexido por unha cláusula de revisión de ata un 2% no caso de que o IPC superase a

porcentaxe de incremento salarial durante a vixencia do convenio.

A negociación e o acordo tamén avanza na ampliación do abono do plus de radioscopia aeroportuaria para



o persoal de carga e correo aéreo dispostos nas instalacións aeroportuarias, así como a introdución de mecanismos de avance en desconexión dixital, ampliación do tempo de descanso do 24 e 31 de decembro, entrega de cuadrantes anuais e mensuais, descansos en fins de semana, exercicio de tiro, contrato de substitución, permisos e licenzas, linguaxe inclusiva e diversidade.

En definitiva, trátase dun convenio do que retiramos as propostas de retroceso expostas desde as asociacións empresariais que xeraban incerteza a un colectivo que merece seriedade e rigor nas negociacións das súas condi-

cións. Esta seriedade preséntase como contrapartida ao populismo e o ruído exercido nas redes por determinados actores minoritarios do sector que en nada benefician ao colectivo no seu conxunto.

Xubilación anticipada

Outro dos aspectos a ter en conta é a vontade manifesta das partes para proceder ao estudo sobre a xubilación anticipada mediante coeficientes reductores, así como a incorporación de novas categorías profesionais baseadas nas novas tecnoloxías xa presen-

tes na actividade e que durante os próximos anos adquiran maior relevancia.

Será o observatorio de seguridade privada, composto polas partes asinantes do convenio, quen desde a concertación social impulsen medidas conxuntas en relación cunha necesaria contratación pública socialmente responsable, cara a un regulamento de seguridade privada do século XXI, así como da importancia de anticipación ao cambio ante un modelo de seguridade moito máis vinculado ao ámbito tecnolóxico nos próximos anos.

UGT CONSEGUE UN PASO MÁIS PARA A IMPLANTACIÓN DA XORNADA DE 35 HORAS NA ADMINISTRACIÓN XENERAL DO ESTADO

Redacción.- UGT Servizos Públicos e a área Pública de CCOO reuníronse co Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública na comisión de seguimento do Acordo Marco para unha Administración do Século XXI, para culminar as materias pendentes dese documento, como a implantación da xornada semanal de 35 horas na Administración Xeral do Estado, o teletraballo, a clasificación profesional e a recuperación da xubilación parcial do persoal laboral.

Función Pública garantiu que segue intacto o compromiso de implantar a xornada de 35 horas e que en breve convocaranse as mesas de negociación correspondentes co fin de modificar a resolución que regula a instrución de xornada e horarios. Tamén aseverou que se cumprirán os prazos acordados.

Ambas as organizacións congratúlanse de volver ao pactado inicialmente. En calquera caso, insistimos en que a implantación debe facerse en toda a Administración Xeral do Estado, incluído o persoal de Institucións Penais.

Respecto á reunión da semana anterior, Función Pública, que dixo compartir a necesidade de recupe-



rar a xubilación anticipada parcial do persoal laboral, accedeu a buscar o instrumento normativo adecuado que así o garanta.

Con todo, desde UGT e CCOO esiximos a recuperación inmediata e faremos un chamamento ao Goberno de España, así como aos grupos parlamentarios, para que actúen con responsabilidade e resolvan definitivamente un problema que está a afectar a miles de empregadas e empregados públicos, a quen se lles está negando un dereito, tanto no te-

reco laboral, como no funcional e estatutario.

Así mesmo, para ambas as organizacións, unha vez asinado o pasado día 26 o acordo para poñer en marcha o anteproxecto de lei de Estatuto Marco Sanitario, é urxente concluír, tamén no ámbito da función pública, os compromisos de clasificación profesional de persoal técnico superior e medio, un asunto recollido tamén no Acordo Marco para unha Administración do Século XXI, algo que comparte Función Pública.

UGT SUBSCRIBE O PREACORDO ALCANZADO CO GOBERNO PARA FIXAR A NOVA CONTÍA DO SMI

O sindicato seguirá defendendo, en todos os espazos de diálogo social e desde a negociación colectiva, un salario mínimo suficiente, xusto e aliñado cos estándares europeos



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) subscribiu o preacordo alcanzado co Goberno para fixar a nova contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para 2026 en 1.221 euros mensuais en 14 pagas, mantendo a exención no IRPF xa aplicada en 2025, de maneira que esta cantidade sexa neta para as persoas perceptoras. Este acordo é froito da acción sindical e do compromiso de UGT coa mellora dos salarios máis baixos, e supón unha subida de 37 euros ao mes, o que representa 518 euros máis ao ano, situando o SMI en 17.094 euros anuais.

Este incremento consolida o proceso de mellora sostida do salario mínimo en España e inscríbese no obxectivo de converxencia cos estándares europeos, onde os salarios mínimos sitúanse na contorna dos 2.000 euros mensuais en países como Alemaña, Bélxica, Países Baixos, Irlanda ou Francia. Así mesmo, avanza na senda de cumprimento do compromiso de alcanzar o 60 % do salario medio, tal e como establece a Carta Social Europea, segundo a interpretación realizada polo Comité Europeo de Dereitos Sociais.

Esta actualización salarial supón un novo avance na mellora do poder adquisitivo de quen percibe os salarios máis baixos e reforza o papel do SMI como unha ferramenta esencial na loita contra a precariedade, a desigualdade salarial e a pobreza labo-

ral.

Más de 2,5 millóns de persoas traballadoras veranse beneficiadas por esta medida, cunha presenza especialmente significativa de mulleres e persoas mozas, colectivos que continúan concentrándose nos empregos máis vulnerables e peor remunerados do mercado laboral.

No marco deste preacordo, o Goberno comprometeuse así mesmo a impulsar a tramitación dun Real Decreto que ordene as regras de compensación e absorción de complementos salariais para as persoas traballadoras afectadas pola contía do SMI. Este instrumento normativo garantirá que a subida do salario mínimo non sexa neutralizada nin amortecida mediante pluses como os de perigo, xefatura de equipo ou outros complementos vinculados a funcións ou circunstancias especiais, asegurando que o incremento chegue integramente aos salarios.

UGT lamenta profundamente que a patronal decidise non subscribir unha subida do 3,1 % do SMI, especialmente cando as organizacións sindicais defendemos unha actualización do 7,5 %, e cando os convenios colectivos con efectos en 2025 rexistraron incrementos medios do 3,5 %, alcanzando o 4,18 % nos convenios subscritos en 2025. Resulta incompreensible que se opoñan a unha mellora salarial dirixida precisamente a quen percibe as retribucións máis bai-

xas.

Esta actitude pon de manifesto unha preocupante falta de compromiso coa cohesión social, coa mellora real da calidade do emprego e coa construción dun modelo produtivo baseado en salarios dignos, estabilidade laboral e respecto efectivo aos dereitos das persoas traballadoras.

Así mesmo, UGT reafirma o seu compromiso coa modificación das regras de desindexación, unha reivindicación recollida no V Acordo Estatal de Negociación Colectiva (V AENC), que o sindicato seguirá defendendo no marco do diálogo social. Consideramos necesario avanzar na revisión dunha normativa aprobada en 2015 que continúa dificultando a adecuada translación das melloras salariais ás contratas públicas e afectando tanto ás empresas como ás persoas traballadoras. Neste sentido, emprazamos á patronal a sumarse a este obxectivo compartido, co fin de garantir que as subidas do SMI tradúzanse en salarios dignos, emprego estable e condicións laborais de calidade.

UGT seguirá defendendo, en todos os espazos de diálogo social e desde a negociación colectiva, un salario mínimo suficiente, xusto e aliñado cos estándares europeos, como peza fundamental para avanzar cara a un mercado de traballo máis equilibrado, máis xusto e máis democrático.

PROPOSTAS DE UGT PARA O VI AENC

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CCOO) presentaron este martes a súa proposta conxunta para a renovación do VI Acordo para o emprego e a Negociación Colectiva (VI AENC) nunha rolda de prensa na que tomaron a palabra os secretarios xerais de ambas as organizacións, Pepe Álvarez e Unai Sordo, que explicaron que esta negociación “debería reflectir plenamente a situación que vive o noso país”.

Así, Álvarez concretou que “hai expectativas abertas, sobre todo en relación coa redución do tempo de traballo” tras as proclamas da patronal. Ademais, Álvarez avogou por levar ás conversacións outras cuestións significativas como o rexistro horario e os calendarios laborais no marco dos convenios e das empresas.

“España lidera o crecemento económico nos países da OCDE, é un dos países que está nunha mellor situación desde unha perspectiva xeral. Por iso, estamos a falar de que esa situa-

ción debería de verse reflectida nos salarios”, explicou Álvarez.

Nese sentido, UGT e CCOO expoñen un aumento para os próximos tres anos dun 4% cada ano, a redución do tempo de traballo ata as 37,5 horas e a redistribución do tempo de traballo para que se poidan eliminar as horas extraordinarias. Do mesmo xeito, Álvarez reclamou subidas específicas para os salarios que se atopen por baixo do salario medio do país.

Igualmente, o secretario xeral de UGT instou a que os convenios colectivos reflectan a situación do prezo da vivenda para que os salarios teñan en consideración o custo desta materia,



especialmente nas zonas máis tensionadas. “O AENC tamén é un bo marco para poder expor políticas dirixidas a facilitar ás persoas traballadoras vivendas nunhas condicións alcanzables”, engadiu.

Ademais, ambas as organizacións chaman a regular nos convenios todo o relacionado cos algoritmos e a Intelixencia Artificial, a precariedade que sofren as persoas mozas e a desigualdade por motivos de orixe e xénero, entre outras cuestións.

UGT ESIXE AOS PARTIDOS POLÍTICOS A RESPONSABILIDADE DE MANTER O ESCUDO SOCIAL

Despois do resultado da votación parlamentaria ao escudo social realizado este martes e, ante as numerosas concentracións por parte dos sindicatos e os movementos sociais, esiximos aos partidos políticos e ao Goberno a responsabilidade de resolver esta situación con urxencia

Redacción.- Os intereses oportunistas dos partidos políticos, especialmente PP, Vox e Junts que votaron NON ao escudo social coa intención de evidenciar a debilidade do Goberno converten á poboación afectada en meros instrumentos dun terrible xogo político que ten consecuencias no descrédito á política e fai dano a moitas persoas. Estas accións teñen repercusións negativas en millóns de persoas e fundamentalmente en persoas cun alto grao de vulnerabilidade.

Son 10 millóns de pensionistas, máis de 60.000 familias afectadas por un proceso de desafuizamento e máis de 1,7 millóns en situación de pobreza que non se poderán beneficiar do bono social eléctrico.

A pobreza enerxética non está plenamente superada, senón que é unha realidade persistente para moitos fogares que mesmo nun contexto de moderación de prezos, manteñen unha

elevada sensibilidade ante calquera alteración nas condicións de acceso ás subministracións básicas, especialmente aqueles con menor capacidade de adaptación económica.

Realizar unha discusión sobre o tipo de decreto ou de procedemento formal supón escudarse nunha escusa para non afrontar esta realidade. O Escudo Social foi unha ferramenta de protección para millóns de persoas, por iso esiximos medidas urxentes para manter as condicións que expresa o Escudo Social.

Ademais, a actual crise da vi-



venda acentúa a desprotección a estas persoas polo que se requiren medidas que alivien a presión na vivenda, especialmente no alugueiro residencial. Por iso, desde UGT esiximos que, para solucionar parte do problema, establézanse con carácter urxente medidas que reduzan o prezo do alugueiro e castiguen os pisos turísticos ilegais.